

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**, relativa a unha “información” tendenciosa que procura a criminalización da Mesa pola Normalización Lingüística.

O pasado 5 de Xullo, o Telexornal do Mediodía da Televisión de Galiza ofrecía unha “información” claramente manipulada, deturpando a realidade, co ánimo de criminalizar o traballo social en defensa do idioma galego que desenvolve A Mesa pola Normalización Lingüística.

Resulta escandaloso que nese espazo informativo non aparecese a visión e a versión desta entidade social, e si, curiosamente, a dun portavoz público do Partido Popular, distinguido precisamente polos seus ataques á lingua galega, e mesmo pola vulneración do marco legal vixente na materia.

Esta liña de actuación insírese claramente na liña discursiva máis intolerante e antigalega que está a levar adiante o Goberno do Partido Popular. A Televisión de Galiza convértese así nun altofalante de combate contra a existencia do idioma galego, ao servizo exclusivo do proxecto político do Partido Popular. A eliminación do noso idioma, o ataque e a censura aos seus defensores, e a transmisión exclusiva da opinión dos seus detractores, pasan a ser agora os obxectivos deste medio de comunicación de titularidade pública.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esquécense de xeito propositado os principios de programación que figuran no artigo 16 da Lei 9/1984, do 11 de Xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galiza:


“(...) a promoción e difusión da Cultura e Lingua Galega, así como a defensa da identidade da nacionalidade galega.”

“O respecto á liberdade de expresión, obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións .”

“A separación entre as informacións e as opinións, a identificación de quen sustenta estas últimas e a súa libre expresión”.

“O respecto ao pluralismo político, relixioso, social cultural e lingüístico”.

Todo este marco legal é agora auténtico papel mollado para os servizos informativos da TVG. Constrúese así a mentira (sen posibilidade nin de contraste por parte dos directamente aludidos) de que A Mesa recibe axudas públicas dirixidas á suposta “imposición” do galego na Galiza. Pírricas axudas, por certo, en comparación coas recibidas pola Fundación FAES (case catro millóns de euros/ano) destinadas, estas si, a combater os sinais de identidade lingüística e culturais de Galiza, con boas doses, por certo, de racismo e xenofobia contra o pobo galego. Mais este feito, publicamente denunciado, parece non ser de interese para os informativos da TVG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentiras, falsidades, difamación, manipulación informativa burda, autoodio, galegofobia. Velaí os nosos principios de programación que inspiran á nova equipa dos servizos informativos da Televisión de Galiza.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG.

1ª) Por que razón se introduce, sen contraste, a información vertida por un medio de comunicación hostil contra o galego (“La Voz de Galicia”) referida ás axudas recibidas pola Mesa pola Normalización Lingüística?

2ª) Por que motivo se censura a opinión dos aludidos directamente (A Mesa e o BNG) na citada información, retransmitida no Telexornal mediodía da TVG o pasado 5 de Xullo?

3ª) Ten previsto cumprir o mandato incluído na Lei 9/1984, que fundamenta a propia existencia da TVG, no relativo á defensa da lingua galega?

Santiago de Compostela, 7 de Xullo de 2009

Asdo. **Bieito Lobeira Domínguez**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 07/07/2009 12:37:14



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 07/07/2009 12:37:22